



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DE NEGREIRA O DÍA 9 DE MAIO DE 2016.

Asistentes

Presidente

Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres./as Concelleiros/as

Don Manuel Angel Leis Miguez

Dona María del Mar García Vidal

Dona Flora Grille Novio

Don José Daniel Casal Leis

Don Juan José Rey Maceira

Don Marcelino García Pedrares

Dona M^a José Carballo Villar

Don Manuel Hombre Porto

Don Fernando Grille Blanco

Don José Manuel López Lago

Dona M^a Carmen Vieites Pardo

Secretaria

Dona Asunción García Laseca

No Salón de Sesións do Concello de Negreira, sendo as vinte horas e tres minutos do día nove de maio de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria coa asistencia dos Sres./as Concelleiros/as antes relacionados/as baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Jorge J. Tuñas Caamaño, actuando como Secretaria a titular da Corporación dona Asunción García Laseca.

Reunido o Pleno da Corporación cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, en particular co quórum de asistencia necesario, segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 14 DE MARZO DE 2016.

Ó non haber intervencións a devandita acta aprobase por unanimidade

PUNTO SEGUNDO.- DAR CONTA DOS DECRETOS EMITIDOS POLA ALCALDÍA DENTE A DATA DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO: DENTE O DECRETO Nº56/2016 ATA O DECRETO Nº 97/2016, ÁMBOS DOUS INCLUSIVE.

A Corporación dase por enterada.

PUNTO TERCEIRO.- CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A Comisión Informativa de Sanidade e Servizos Sociais que tivo lugar con data de 4 de maio de 2016, ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía de data 15 de abril de 2016.

Pola Presidencia, **ábrese a quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** da lectura á Proposta de Alcaldía de data 15 de abril de 2016

Sr. Hombre: O CIM de Negreira está a desenvolver no anonimato un traballo excelente, que supón unha ferramenta máis para loitar contra a lacra da violencia de xénero.

Sr. López: O programa do noso partido contén un apartado dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

Primeiro.- Constituir a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- O Alcalde-Presidente do Concello de Negreira ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá.

Vogalías:

- A Concelleira de Emprego, Muller, Medio Ambiente e Agricultura, dona M^a Mar García Vidal.
- Persoal do Centro de Información ás Mulleres (CIM), dona Natalia Suárez García.
- Persoal dos Servizos Sociais Municipais, dona M^a Rosario Cajuso Barbazán.
- Representante da Policía Local, don Eulogio Cives Martínez.
- Representante das forzas e corpos de Seguridade:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Titular: O Sarxento Comandante do posto da Garda Civil de Negreira, don Fernando Otero Calviño.

Suplente: O Cabo 1º da Garda Civil de Negreira, don Jacobo Esteban Nieves Blanco.

- Representantes de Centros Educativos:

Representante do I.E.S. "Xulián Magariños":

Titular: O Xefe de Estudos, don Cipriano Núñez Rodríguez.

Suplente: O Director, don Adelino Pose Reino.

Representante do C.E.I.P " O Coto" :

Titular: dona Marina Natalia Fariñas de Alba.

Suplente: dona María José Suárez Casal

Secretaría: A Directora do CIM, dona Rosa Mª Fuentes Cambeiro.

Segundo.- A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira."

PUNTO CUARTO.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA, DE DATA 22 DE MARZO DE 2016.- CONVALIDACIÓN, SE PROCEDE.

A Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos Públicos que tivo lugar con data de 4 de maio de 2016, ditamonou favorablemente a Proposta de Alcaldía de data 25 de abril de 2016.

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** fai unha reseña do contido da Proposta de Alcaldía de data 25 de abril de 2016.

Sr. Alcalde: Foi imposible traer o Convenio a este Pleno antes da súa sinatura, xa que houbo que coordinar as 4 axendas dos correspondentes alcaldes.

Compre sulñar que a validez do acordo require a aprobación por maioría absoluta.

Sr. Hombre: Non seremos nós quen poñan obstáculos á colaboración con outros concellos, xa que consideramos que o importante é que se faga un bo traballo.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

Único.- Convalidar o Convenio de colaboración entre os Concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira e Val do Dubra, de data 22 de marzo de 2016, que posibilitou a presentación de solicitude da Oficina de fomento cooperativo e a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo para os anos 2016-2017 , cuxo contido figura como Anexo do presente acordo.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO PARA OS ANOS 2016-2017

En Santa Comba, a 22 de marzo de 2016

REUNIDOS

Don José Antonio Ucha Velo, alcalde- presidente do Concello de Santa Comba, D. José Andrés García Cardeso, alcalde- presidente do Concello da Baña, D. Antonio Negreira Noya , alcalde- presidente do Concello de Val do Dubra, D. Jorge Tuñas Caamaño, alcalde- presidente do Concello de Negreira, e, actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

EXPOÑEN

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2016

Que a citada Orde, no seu artigo 1, indica tres diferentes programas de actuación sendo o **Programa II** o definido como **“Oficinas locais de Fomento Cooperativo”**

Que os concellos asinantes cumpren a condición citada no artigo 3.1 b) da Orde que sinala como entidades beneficiarias b) *“Os concellos de Galicia, a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios, dun consorcio local ou dunha agrupación dun mínimo de catro concellos que pertenczan a unha mesma zona, nos termos e para as actuacións previstas no programa II”*.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Que figura como anexo o proxecto elaborado polos técnicos dos servizos de desenvolvemento local titulado “Actividades de promoción e fomento do cooperativismo nos concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira e Val do Dubra”, contemplando como período de realización o que abrangue entre o **01/05/2016 e 30/09/2016**.

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do Convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes para a solicitude conxunta dunha subvención ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2016.

2.- Ámbito de aplicación

O presente convenio aplicarase aos términos municipais dos Concellos de Santa Comba, A Baña, Negreira e Val do Dubra.

3.- Forma de participación.

O Concello de Santa Comba actuará como representante a efectos de presentación da solicitude e da realización dos trámites que se desprendan dela para os catro concellos participantes segundo o establecido na Orde mencionada, adoptando cada un dos Concellos os acordos precisos para a aprobación do proxecto e solicitude de subvención.

O Concello de Santa Comba contratará ao técnico/-a da Oficina de Fomento Cooperativo, a tempo completo, que actuará como coordinador das actividades que se inclúen dentro do proxecto.

O concello de Santa Comba porá a disposición un espazo para a creación da “ Oficina local de Fomento Cooperativo “ que realice as actividades de promoción e fomento do cooperativismo e da economía social, dirixida ao ámbito territorial dos catro concellos solicitantes, en particular mediante o estímulo do autoemprego e o emprendemento colectivo e o apoio á xeración de novos proxectos de economía social.

Esta oficina deberá integrarse na Rede Eusumo. A solicitude de adhesión á Rede farase ao mesmo tempo que a solicitude de subvención.

4.- Réxime xurídico

Establecese que a entidade empregadora e solicitante será o Concello de Santa Comba, asumindo éste a contratación e o custo das retribucións salariais e de Seguridade Social correspondentes.

O persoal técnico da Oficina de Fomento Cooperativo, segundo a Orde que o regula, está financiado ao 100%.

As actividades de fomento cooperativo están subvencionadas ao 80%. No proxecto realizado polos técnicos de desenvolvemento local figura un cadro económico estimado de actividades a realizar. No caso da realización de actividades de fomento e promoción do cooperativismo a cantidade a aportar por cada concello determinarase por medio dunha Addenda a este convenio, unha vez coñecida a resolución da subvención o procedemento para o cumprimento desta determinación.

5.- Tramitación do expediente de solicitude da subvención

Os Concellos acordan solicitar en conxunto a subvención a que fai referencia a Orde mencionada, e facultar ao Alcalde do Concello de Santa Comba para todo o relacionado para a tramitación e xestión do presente convenio e o correspondente expediente de contratación de persoal e de calquera outro tipo preciso para levar a cabo a súa execución.

6.- Obrigas das partes

Os Concellos comprométese a poñer a disposición os medios necesarios para a adecuada realización das actividades de fomento e difusión do cooperativismo incluídas no proxecto de actuación realizado polos servizos de desenvolvemento local que se anexa á solicitude de subvención.

No momento da concesión da subvención e tendo coñecemento da cantidade asignada á realización das actividades de promoción e fomento do cooperativismo, formalizarase unha Addenda a este Convenio na que serán concretadas as condicións de aportación de cada Concello e demais determinacións precisas.

Os Concellos asinantes do presente convenio comprométese a garantir o financiamento correspondente á parte do proxecto non subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

7.- Cuestións litixiosas

Este Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas determinacións e no caso de desacordo entre as partes, pola Orde Xurisdiccional contencioso- administrativa.

8.- Vixencia

Este Convenio entra en vigor coa súa sinatura e estará vixente ata a finalización definitiva do proxecto e do proceso relativo a éste, sen perxuízo da necesidade da súa ratificación plenaria.

E para que conste, e en proba de conformidade e aceptación polas partes, asinan este acordo por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

O Alcalde de Santa Comba

O Alcalde de A Baña

D. José Antonio Ucha Velo

D. Jose Andrés García Cardeso

O Alcalde de Negreira

O Alcalde de Val do Dubra

D. Jorge Tuñas Caamaño

D. Antonio Negreira Noya

ANEXO 1

CADRO ECONOMICO CO DESGLOSE DE GASTOS PROPOSTO

Á parte do traballo do técnico consistente en información, asesoramento e divulgación (financiadas ó 100% mediante a súa contratación) propónse unha serie de actividades ou accións consistentes en:

- Cursos de formación
- Actividades de dinamización nos concellos.
- Difusión da información utilizando o espazo web e os medios sociais.

Acción	Orzamento	% Axuda	Axuda	Concellos
CURSOS DE FORMACIÓN	18.000€	80%	14.400€	3.600€
ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN e EMPRENDEMENTO	4.000 €	80%	3.200 €	800 €
OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO	6.000 €	100%	6.000 €	0
Contrato da persoa técnica(xullo 2016-setembro 2016)	6.000 €			
TOTAL	28.000 €		23.600€	4.400 €

O persoal técnico estará subvencionado ó **100%** no que se refire ós custos derivados das súas retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.

No caso de que sexa concedido o importe total solicitado para realizar actividades (22.000€ para os 4 concellos) **17.600€** serán subvencionados e **4.400,00€** irán a cargo dos concellos. Estes gastos serán asumidos na proporción en que sexan desenvolvidas as actividades no ámbito de cada concello. O Concello de Santa Comba abonará os gastos realizados para poder proceder á xustificación da subvención e, posteriormente cada concello reintegrará a parte correspondente.

Destacar que as subvencións reguladas nesta orde serán compatibles con calquera outra clase de subvencións, axudas ou ingresos obtidos para a mesma finalidade (Artigo 17.1 da Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2016”

PUNTO QUINTO.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADANOS.- PARTIDO DE LA CIUDADANÍA SOBRE A CREACIÓN DUN INTERCAMBIADOR MODAL DE TRANSPORTE NA ZONA PRÓXIMA Ó INSTITUTO.

A Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos Públicos que tivo lugar con data de 4 de maio de 2016, ditaminou favorablemente a Moción presentada por Ciudadanos.- Partido de la Ciudadanía NRE: 2494, de data 29 de abril de 2016.

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** da lectura ó escrito de Ciudadanos.-Partido de la Ciudadanía de data 29 de abril de 2016 NRE: 2494.

Sr.López: Trátase de centralizar o emprazamento dos transportes de viaxeiros e escolar fora do centro da Vila e aproveitando a estrada que leva dando o Hotel Millán ó Instituto.

Sr. Hombre: Non podemos estar máis de acordo co último que ven de dicir o Sr. López a propósito da estrada, que, por outra banda, pedimos que se remate. En canto ó diseño da dársena, era un asunto que incluíamos no noso programa electoral.


Sr. López: O que vostedes levaban no programa electoral era un apeadeiro escolar. Vou dar lectura á denominación do equipamento que figura no seu programa: “Dársena para buses escolares”. Nós plantexamos algo distinto.

Sr. Rey: Cando cesamos no goberno deixamos feito un proxecto técnico redactado polo Arquitecto Municipal cuxo obxecto era a administración de todo tipo de buses tanto escolares como regulares.

Alégrome desta coincidencia con Ciudadanos.- Partido de la Ciudadanía, con independencia da denominación que demos a esta dotación.

Sra. Vieites: O emprazamento sería a do peche do Instituto

Sr. Leis: Sería convinte redactar un proxecto técnico e envíalo á Consellería competente, cara a súa financiación.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Sr. Alcalde: A próxima semana trataremos de recuperar o proxecto técnico ó que se refire o Sr. Rey, xuntándonos os 3 Grupos políticos municipais para tratar deste e doutros asuntos de interese xeral.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

Único.- Xestionar a creación dun Intercambiador Modal de Transporte (IMTP) na zona próxima ó Instituto, para brindar unha mellor atención ó pasaxeiro, pretendendo acadar así, unha conexión cómoda, segura e rápida.

PUNTO SEXTO.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADANOS.- PARTIDO DE LA CIUDADANÍA EN TORNO Ó ESTADO DA DEPURADORA DE MARCELLE E DA FINCA NA QUE SE UBICA.

A Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos Públicos que tivo lugar con data de 4 de maio de 2016, ditaminou favorablemente a Moción presentada por Ciudadanos.- Partido de la Ciudadanía NRE: 2517, de data 2 de maio de 2016.

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** da lectura ó escrito de Ciudadanos.-Partido de la Ciudadanía de data 2 de maio de 2016 NRE: 2517.

Sr. López: Unha vez construída a depuradora compre mantela, e as fotos que acompañan ó noso escrito falan de vertidos únicamente producto da falta de mantemento

Sr. Rey: Hai dúas casas que solicitaron a conexión e a obtiveron por silencio administrativo. Efectivamente a depuradora non funciona, cando se puxo en marcha limpouse a finca.

Sr. Alcalde: Poñeremonos en contacto con “Espina & Delfín, S.L.” para que a depuradora empece a prestar servizo.

Sra. Vietes: Dixéronnos que hai bastantes veciños conectados, coa agravante de que para dar servizo a algunhas vivendas son necesarios equipos de bombeo e non funcionan

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

Primeiro.- Efectuar a limpeza e acondicionamento periódicos da finca na que se ubica a Depuradora de Marcelle.

Segundo.- A posta en marcha e mantemento constante da Depuradora.

PUNTO SÉTIMO.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL.- APROBACIÓN, SE PROCEDE.

Sr. Alcalde: Este asunto non poido pasarse a Informe da Comisión Informativa correspondente debido a que a data de celebración de ditos Órganos consultivos foi o pasado mércores, chegando o Convenio ó Concello ó día seguinte

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, por causas de urxencia, a Corporación, **ratifica a inclusión do punto na orde do día deste Pleno por unanimidade.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** fai unha reseña do contido da Proposta de Alcaldía de data 5 de maio de 2016.

Sr. Hombre: Cal é a razón de que neste Convenio non se integren os Concellos de Santa Comba e A Baña?

Sr. Alcalde: O Concello de Santa Comba efectúa a solicitude en solitario.

Sra. Carballo: O mesmo pódese dicir do Concello da Baña.

Sr. López: Non temos nada que obxectar á Proposta de Alcaldía.

Sr. Hombre: Imos votar favorablemente, xa que estamos a prol de tódalas medidas que favorezan a empregabilidade

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración entre os concellos de Negreira e Val do Dubra para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Programa de Mobilidade Transnacional, cuxo contido figura como Anexo do presente acordo.

Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura, en representación do Concello de Negreira, do devandito Convenio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE NEGREIRA E VAL DO DUBRA PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

SUBVENCION Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN POGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL

En Negreira, a 3 de maio de 2016

REUNIDOS

D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira e D. Antonio Negreira Noya, Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra, actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio e para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Con data de 8 de abril de 2016 publicouse no D.O.G. (nº 67) a Orde do 23 de marzo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao programa Operativo de emprego xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SEGUNDO.- Dita orde establece no seu artigo 3 os requisitos para ser beneficiarios da subvención para o desenvolvemento dos programas regulados nesta orde, establecendo no punto 3.1. **BS324C**. Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

TERCEIRO.- Tendo en conta a realidade socio-demográfica destes concellos limítrofes, ambas administracións aprecian a necesidade de realizar un Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) para a empregabilidade dos mozos e mozas menores de 30 anos, e así poder mellorar a formación e a ocupabilidade das persoas desempregadas da zona mediante a realización dun programa de prácticas laborais non remuneradas en países europeos para o emprego con intermediación laboral, durante un período máximo de 4 meses e mínimo de 2 meses.

Este tipo de programas de mobilidade transnacional están enmarcados dentro do Programa Operativo de emprego xuvenil (POEX) e constitúen un elemento fundamental para a formación dos mozos e mozas tanto pola experiencia que se adquire como polo

apoio de que pode supoñer a aprendizaxe dun idioma estranxeiro. De esta maneira a experiencia laboral no estranxeiro pode achegar un valor engadido á formación permanente dos mozos/as e á súa traxectoria profesional e así proporcionarlles máis oportunidades de emprego, entre outros beneficios o programa ofrece os seguintes:

- a) Mellorar o nivel de aptitudes e competencias clave dos participantes.
- b) Formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas.
- c) Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozas/os non ocupados e non integrados/as no sistema de educación ou formación, contribuíndo a mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ó mercado de traballo.
- d) Habilidades socio laborais e obradoiros de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Contribuír á facilitar os mozos e mozas o seu acceso ó mercado de traballo, reducir os obstáculos lingüísticos e fomentar a súa autonomía persoal mediante a mellora da súa empregabilidade.
- h) Potenciar os programas de educación non formal para os mozos e mozas adquiren coñecementos e habilidades que axuden a completar o seu desenvolvemento persoal e profesional
- i) Prácticas profesionais non laborais en empresas europeas.
- j) Mobilidade laboral.
- k) Todas aquelas accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral dos mozos e mozas inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil.

CUARTO.- Considerando o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 3 a 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, no marco das súas respectivas competencias, os concellos de Negreira e Val do Dubra concretan as súas actuacións no marco do presente Convenio de Colaboración para levar a cabo a solicitude e demais actuacións para a execución conxunta dun Programa de mobilidade transnacional xuvenil para o emprego regulado citada Orde do 23 de marzo de 2016 da Consellería de Política Social.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Ante o cal as partes asinantes formalizan o seguinte convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRO. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos de Negreira e Val do Dubra para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) para o emprego regulado na citada Orde do 23 de marzo de 2016 da Consellería de Política Social.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación acada o territorio dos concellos de Val do Dubra e Negreira, non excluindo a posibles participantes de outros concellos que se inscriban en esta convocatoria pero sempre con preferencia os mozos e mozas pertencentes ós concellos designados

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello da Negreira será o responsable técnico e administrativo da xestión do convenio de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta este Programa de mobilidade transnacional xuvenil para a realización de prácticas laborais non remuneradas reguladas na citada Orde do 23 de marzo de 2016 da Consellería de Política Social, representando aos dous concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto o Concello de Negreira procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Tamén se establece que para tal programa de mobilidade se designen coordinadoras ou mentoras do programa, encargadas do apoio e da execución da mobilidade; apoio a aspectos organizativos, o proceso de selección, a información e difusión da convocatoria, a preparación dos acordos, a xestión coas entidades socias de acollida, a preparación pedagóxica e sociocultural, a orientación laboral das persoas participantes, as necesidades de apoio lingüístico en caso de o necesitar, o apoio a execución do proxecto; a xestión de gastos da entidade de envío, a xestión da viaxe dos participantes, o aloxamento e manutención das persoas participantes, a xestión do transporte local, o seguro de accidentes e responsabilidade civil, etc...

Na memoria explicativa do programa recollerase a realización das actuacións por cada entidade, así como a dos socios de acollida.

O concello de Negreira, nomea a Dona Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local como a mentora da entidade beneficiaria e coordinadora de dito proxecto, xa que a súa experiencia en programas europeos e relacionados coa xuventude e o emprego así o avalan. Tamén dende o concello de Negreira se nomea unha segunda mentora, que está a colaborar no programa de mobilidade transnacional Galeuropa que é a mestra Natalia Suárez García.

O concello de Val do Dubra tamén nomeará a unha coordinadora do seu programa que sería a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local de dito concello; Ana Lucía Calviño Canedo.

Co que a coordinación quedaría reflexada de tal forma:

- Coordinadora (Mentora 1); Sonia Ponte Esturao.
- Coordinadora (Mentora 2); Natalia Suárez García.
- Coordinadora (Mentora 3); Ana Lucía Calviño Canedo.

O concello de Val do Dubra delega no Concello de Negreira as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos dous concellos ante a Consellería de Política Social dunha subvención para o Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ó programa operativo de emprego xuvenil ao abeiro da Orde de 23 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a súa convocatoria pública para o ano 2016. E deberán remitir ao Concello de Negreira a documentación correspondente aos seus concellos esixida no artigo 5 da orde da convocatoria.

O Concello de Negreira deberá aceptar a delegación do Concello de Val do Dubra e deberá remitir, como responsable técnico e administrativo, a correspondente solicitude e documentación preceptiva á Xunta de Galicia.

CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio farase mediante as persoas coordinadoras do programa de mobilidade nomeadas por os representantes de cada unha das administracións asinantes.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio está condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para a posta en práctica de programa de mobilidade transnacional (Galeuropa) durante o ano 2016. O abeiro da Orde do 23 de marzo de 2016 da Consellería de Política Social.

SÉTIMA – GASTOS NON FINANCIADOS

Os gastos xerados polo Programa de Mobilidade transnacional (Galeuropa) non financiados pola subvención serán custeados polos concellos de Negreira e Val do Dubra en partes proporcionais ó número de participantes vinculado ó programa de cada concello, vía orzamento municipal e con suxeición ás normas orzamentarias en vigor.

En calquera caso, será preciso informe da Intervención do Concello de Negreira sobre os conceptos e importes dos devanditos gastos. O pago deberá realizarse no prazo de quince días dende a recepción dos informes citados.

PUNTO OITAVO .- SOLICITUDE DA BONIFICACIÓN MÁXIMA NA COTA DO ICIO FORMULADA POLA EMPRESA “GESTIÓN DEL VALOR Y SOLUCIONES, S.L.”

En cumprimento do disposto polo artigo 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dada a falta de ditame da Comisión Informativa correspondente, por causas de urxencia, a Corporación, **ratifica a inclusión do punto na orde do día deste Pleno por unanimidade.**

Pola Presidencia, ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

O **Sr. Leis** da lectura á Proposta de Alcaldía de data 3 de maio de 2016.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, **pasando o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:**

A actual Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, regula, no seu artigo 9º, as bonificacións potestativas que este Concello pode conceder, mediante acordo do Pleno.

Con data 15/03/2016, a empresa Gestión de Valor y Soluciones S.L., que pretende instalarse na parcela 28 do parque empresarial de Negreira, solicitou ao Concello a concesión dunha bonificación no Imposto de

Construcións, Instalacións e Obras, axuntando memoria do proxecto e certificado municipal de que non hai empresas que teñan esta actividade dentro do concello.

Tratándose dunha actividade nova dentro das que se dan no termo municipal, e de acordo coa vontade da Corporación municipal de dar un pulo importante ao polígono industrial, mediante a diversificación de actividades do mesmo, e tendo en conta os previsibles beneficios en materia de emprego e xeración de riqueza para o conxunto da poboación

A Corporación acorda:

Único: Aprobar a concesión dunha bonificación do 95% na cota polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras á empresa “Gestión de Valor y Soluciones S.L.”, na liquidación do citado imposto polas obras de construción da nave a construír na parcela 28 do polígono industrial de Negreira.

PUNTO NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Hombre: Solicitamos se abran gabias en Aro de atrás.

Sr. Hombre: Na parroquia de Broño, no lugar de Rapote, solicitamos a colocación dunha farola donde chega o camiño dos peregrinos ao lado do pozo.

Sr. Hombre: Solicitamos que se promocióne a colaboración entre a piscina climatizada e a Fundación de Discapacitados para que se poida estender ao inverno as clases que reciben no verán

Sr. López: Solicitamos o arranxo uxente do firme da pista de Marcelle a Landeira, na que os surcos e fochancas existentes, dificultan a conducción e isto fai que a circulación sexa perigosa.

Sr. López: Solicitamos que se faga cumprir a normativa sobre terrazas en tódolos aspectos, a excepción do fiscal, que está pendente de modificación; pois algunhas terrazas teñen elementos anclados en beirarrúas, ademais de cadeiras e mesas que dificultan a circulación dos peóns.

Sr. López: Solicitamos a reparación das lousas soltas en beirarrúas, sobre todo na Avenida das Brañas, pois pode ocasionar accidentes a peóns.

Sr. López: Solicitamos se obrigue ás comunidades dos edificios á reparación de desagües de augas pluviais. Existen canalóns que verten auga libremente á rúa, Avenida das Brañas, concretamente.

Sr. López: Solicitamos a regulación de horarios de carga e descarga.

Sr. López: Con data de 28 de decembro de 2015, a través de Rexistro NRE: 7158, presentouse solicitude de reparación, ampliación do muro de contención de depósitos de auga e canalizala adecuadamente desde o Teleclub ata a casa do Sr. Manuel Barreiro, veciño de Landeira.

Don Manuel Barreiro Sande, según refire, segue a ter filtracións de auga na súa casa, polo que se roga solventar dito problema na maior brevidade posible, dado o malestar e o deterioro que orixinan ditas filtracións.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Sr. Hombre: En qué fase se atopa o acordo, impulsado polo PP aprobado por este Pleno, da creación dunha biblioteca móvil?

Sr. Hombre: Por qué se sacaron as farolas do paseo fluvial e dónde se atopan?

Sr. Hombre: En qué estado se atopa a xestión da obra de arranxo dos camiños do Marco do Cornado e Braña da Pontella?

Sr. Hombre: Cando se pensa trasladar as canastras de minibasket á praza das Brañas dende a súa inadecuada ubicación actual no parking do pavillón?

O **Sr. Leis** da lectura ás respostas ás preguntas formuladas no Pleno ordinario anterior:

Resposta á primeira pregunta formulada polo Sr. Hombre: Respostada no Pleno correspondente.

Resposta á segunda pregunta formulada polo Sr. Hombre: Coñecemos a solución do asunto mais fáltanos, ata agora, o tempo material para levala a cabo. Executarase o máis cedo posible.

Resposta á terceira pregunta formulada polo Sr. Hombre: As dúas pistas están construídas en zahorra, se ben unha das dúas está moi deteriorada mais dentro do prazo de garantía o que permitirá a súa reparación sen cargo para o Concello.

Resposta á cuarta pregunta formulada polo Sr. Hombre: As medidas a adoptar non son outras que as actuacións das que se solicitou a inclusión no PAS da Deputación Provincial da Coruña, é dicir, cambio da instalación eléctrica e construción de vestiarios no pavillón do CEIP “O Coto”.

Resposta á primeira pregunta formulada polo Sr. López: Sobre a ampliación do horario da piscina municipal nos fins de semana, tivéronse conversas coa empresa concesionaria, que nos comunicou a imposibilidade de acceder a dita petición por non considerala economicamente viable tendo en conta o contrato en vigor.

Resposta á segunda pregunta formulada polo Sr. López: A actuación é unha das que se solicitou a inclusión no PAS da Deputación Provincial da Coruña.

Resposta á terceira pregunta formulada polo Sr. López: Tivemos xuntanzas cos propietarios do Polígono, tanto conxuntas como individuais con algúns deles. A situación está na fase de estudo dos Convenios a asinar cos interesados.

Resposta á cuarta pregunta formulada polo Sr. López: Estamos á espera das resolucións xudiciais dos procedementos en curso para adoptar decisións sobre o particular.

E non habendo máis asuntos de que tratar , a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos do día de referencia de todo o que eu, como Secretaria certifico.-

**Vº e Prace
O Alcalde**



A Secretaria

